

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DATA: 22/07/2020
SAIDA: 8316/20

D. Miguel A Delgado González
Plataforma en Defensa del Sector Marítimo
Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera 28, 2º D.
15005 A Coruña

Reclamante: D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)
Expediente: RSCTG 182/2019
Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

ASUNTO: Execución da resolución da Comisión da Transparencia de Galicia ditada con data do 3 de marzo de 2020 no expediente RSCTG 182/2019.

En relación co seu correo electrónico recibido con data do 14 de xuño de 2020, no que manifesta a súa desconformidade coa execución por parte da Fundación Camilo José Cela da resolución da Comisión da Transparencia de Galicia do 3 de marzo de 2020, pola que se estima parcialmente a súa reclamación contra a Resolución do 22 de novembro de 2019 da Fundación Pública Galega Camilo José Cela, de acceso a documentación de carácter organizativo e económico da dita Fundación, infórmolle o seguinte:

Ata a data, a referida Fundación non remitiu a esta Comisión copia do envío á entidade reclamante da información referida aos puntos 3 e 4 do fundamento xurídico quinto da súa Resolución do 3 de marzo de 2020, polo que á vista do seu escrito, nesta mesma data remítese oficio á referida Fundación, para que en cumprimento do artigo 35 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, facilite a información necesaria para poder incluír os datos deste expediente no informe anual ao Parlamento nos termos previstos no artigo 36 desta mesma norma.

Como xa se lle indicou en outras ocasións, no caso de que a entidade á que representa considere que a dita resolución non se executou nos seus propios termos, poderá, si o estima oportuno, presentar os recursos que nela se lle indican ou calquera outro recurso que considere convinte.

Firmado digitalmente por MARÍA
JOSEFA PORTEIRO GARCIA - 35996629L
Fecha: 2020.07.22 13:49:32 +02'00'
María Xosé Porteiro García

Vicepresidenta da Comisión da Transparencia